



M.X. Porteiro

Maruxa Boga, galega consciente

Non é doado atopar excusas para explicar o escaso coñecemento de traxectorias tan notables como a da magnífica actriz e comunicadora galego-arxentina, **Maruxa Boga**. Ao cabo, ningunha xustifica a súa escasa presenza no imaxinario colectivo da galegitude toda. Finou este 26 de xullo, poucas horas despois de rematar o Día de Galicia, con 95 anos cheos de experiencias, ousadías, beleza e profundidade moral. Nada máis chegar a Bos Aires, en outubro de 2007, escoitei o seu nome e comezou a miña descuberta desta muller espléndida e pouco recoñecida na Galicia europea ao nivel dos seus -coetáneos, **Castelao** ou **Seoane**, con quen ben podemos parangoneala. Foi un típico produto da emigración galega, nada en Bos Aires no seo dunha familia provinte de Lestrove, da que herdou e asimilou o coñecemento dunha terra alonxada pero nunca esquecida.

Teño pensado moito nestes anos no fenómeno curioso da galegitude consciente e elixida dos que mesmo a día de hoxe se reclaman galegos logo de varias xeracións desque un antepasado cruzara o oceano, reafirmando con voluntariedade e raciocinio, a súa pertenza a unha cultura e a unha patria que non precisa de territorio físico para se expresar nin para existir. As galegas e os galegos de aquí, sómolo queiramos ou non polo mero feito de nacermos ou vivirmos neste espazo territorial. Logo poderémonos sentir máis ou menos vencellados á nosa identidade, pero non temos que facer ningún esforzo para coñecer ou comprender o noso país. Mesmo así, algúns o rexeitan. Por iso é tan admirable unha galegitude construída na distancia pero tan consciente...**Maruxa Boga**, como **Manuel Cordeiro**, **Graciela Pereira**, **Ruy Farías**, **María Rosa Lojo**, **Eduardo Blanco**, **María del Carmen Araújo**, **Francisco Lores**, **Gustavo** e **Carlos Fernández**, e tantas e tantos outros galegos do alén mar, achegan a Galicia unha dimensión transnacional –globais antes da globalización– e multicultural con identidades compartidas que conviven harmoniosamente. Difusores da lingua e da cultura galegas a doce mil kilómetros de distancia, converten a súa achega nunha extensión da influencia cada vez maior do noso país e das súas posibilidades futuras nese lugar do mundo que se chama América Latina: o continente onde se xenera máis crecemento e onde nós nos podemos mover comodamente desde Río Grande ata Río Gallegos, utilizando as nosas linguas na hispanidade e na lusofonía para nos comunicar, entender, transaccionar, comerciar..., cos máis de 500 millóns de persoas que habitan aquel inmenso territorio. Hoxe **Maruxa Boga** tráeme ao recordo todas estas circunstancias e máis alá de lle render homenaxe desde a Delegación da Xunta en febreiro de 2008, cando lle puxemos o seu nome ao salón de actos nun acto multitudinario e fermoso, ela representa para min o exemplo do que fomos, do que somos e do que podemos ser. Ademais de deberlle un esforzo moito maior para difundir a súa figura e o seu traballo, podémonos reatopar no seu espello e dignificar a imaxe de quen desde aquela beira e aquel outro hemisferio, ollan cara o ceo procurando a Estrela Polar e se atopan cunha Cruz do Sul que se asemella, curiosamente, á de Santiago. Vaia para elas e para eles esta lembranza compartida de **Maruxa Boga** a quen moito lle gustaría saberse ponte de unión e lugar de encontro das xeracións pasadas e futuras